

documento
formativo
de Isca!

Diversidade, posmodernismo e falsas disxuntivas



isca!

www.iscag2.org



- 1. Breve introdución**
- 2. Conceptos básicos transversais**
- 3. Algúns trazos básicos do posmodernismo**
- 4. Posmodernismo vs economicismo, a falsa disxuntiva entre correntes reformistas, no seo da “esquerda”**
- 5. Clase obreira: potencial suxeito dirixente da loita pola liberación nacional da Galiza.**

1. Breve introdución

O debate sobre a fragmentación posmoderna e o papel que lle corresponde á clase obreira na loita pola emancipación social estivo moi presente nos últimos tempos, no ámbito das teóricas esquerdas.

A nosa tarefa é ofrecer unha perspectiva plenamente comunista e independentista galega, sobre esa cuestión. Polo tanto, primeiro introduciremos algúns conceptos básicos transversais para entender esa cuestión, logo falaremos dos trazos básicos do posmodernismo, finalmente desmontaremos falsas disxuntivas no seo da “esquerda”, analizando tamén o caso galego

2. Conceptos básicos transversais

2.1 Qué é o marxismo? Relación entre teoría e praxe revolucionaria

É o marxismo unha vulgar ideoloxía? Son simplemente as ideas duns determinados autores? Non, nada diso, o marxismo é un método científico para a análise da realidade social, servindo de guía para a acción revolucionaria. O marxismo exprésase plenamente, na fusión da teoría e a praxe revolucionaria. Polo tanto, debemos desbotar tanto o teoricismo abstracto, que fica limitado á fraseoloxía esquerdista, como o activismo sen guía teórica, que implica actuarmos como polos sen cabeza, sen capacidade de análise

2.2 Relación entre infraestrutura e supraestrutura

Unha sociedade é un modo de produción. Isto é, a infraestrutura económica, as relación materiais e de produción, son as que determinan a supraestrutura social, política e cultural, que fai referencia aos métodos coercitivos e ideolóxicos empregados polas clases dominantes na sociedade, para manter, reforzar e lexitimar a súa hexemonía. Existe unha relación dialéctica entre infraestrutura e supraestrutura, polo tanto, unha análise marxista debe partir sempre da realidade material, analizando as relacións de produción, mais a loita non debería ficar reducida ao eixo económico, senón que o obxectivo debe ser conquistar o poder político pola vía revolucionaria, para rachar co modo de produción capitalista e construír o socialismo. Por outra banda, se esquecemos a realidade material, nunca iremos á raíz dos problemas e a loita ficará reducida ao ámbito simbólico e cultural, característica propia do posmodernismo, do que falaremos despois

2.3 Que é a loita de clases?

Para os marxistas, a loita de clases é o motor da historia. Isto non é unha cuestión menor. Ten moitas implicacións, sinalamos algunhas delas, polo seu interese para entender mellor este texto:

-En primeiro lugar, que todo proceso emancipador e revolucionario, vai ser froito da confrontación entre clases dominantes e clases dominadas, se ben esta loita pode adoptar diferentes formas segundo o contexto, baixo o capitalismo, é a clase obreira o suxeito que pode dirixir con éxito a loita revolucionaria, xa que os seus intereses son antagónicos e irreconciliábeis cos intereses do capital.

- O proxecto socialista-comunista, coa clase obreira como suxeito político dirixente, debe ser o vector integrador da loita contra todas as opresións, coa perspectiva da plena emancipación humana. De feito, ao contrario do que din algúns anti-marxistas, os comunistas historicamente estiveron na vangarda na loita contra a opresión nacional, de xénero ou racial, ligando todas estas loitas, cun fío común de clase.

- Aínda que a loita económica é necesaria, a loita de clases non debe ficar reducida ao eixo económico, senón que na súa máxima expresión, é unha loita polo poder político, no camiño do socialismo-comunismo.

2.4 Aspectos diferenciais do marxismo, en relación a outras correntes tradicionais de “esquerda”

A partir do século XIX, co avance do capitalismo como modo de produción dominante, emerxen diferentes correntes de “esquerda” que critican a explotación capitalista.

Por exemplo, temos o socialismo utópico, que apela ao altruismo e á moralidade dos explotadores, para rematar coa explotación. Pola súa parte, o anarquismo acredita na desaparición do Estado após a revolución, renunciando así á hexemonía da clase obreira sobre unha burguesía que non desaparece tras perder o poder, persistindo a loita de clases e a necesidade dunha estrutura que garanta dita hexemonía. Por outra banda, os reformistas acreditan nunha imposible vía para a emancipación dos explotados, a través da xestión das institucións burguesas. Porén, só o marxismo asume plenamente o carácter irreconciliábel e antagónico entre opresores e oprimidos, entre

explotadores e explotados, defendendo a ditadura revolucionaria do proletariado como alternativa estratéxica. Isto é, o exercicio do poder político pola clase obreira, dominando á burguesía e camiñando face unha nova sociedade sen clases, na que si sería posíbel abolir o Estado.

2.5 Relación entre a loita inmediata e a loita polos obxectivos estratéxicos

Para os reformistas, a reforma e as loitas inmediatas, son todo, a revolución é nada, bloqueando calquera alternativa superadora do capitalismo. Pola súa banda, os revolucionarios non rexeitan a loita por reformas, senón que procuran integrar as loitas inmediatas dentro da loita pola meta superior, isto é, destruír a hexemonía burguesa pola vía revolucionaria e construír o socialismo. O revolucionario utiliza as reformas, para debilitar e agudizar as contradicións da orde dominante, no camiño da revolución.

3 Algúns trazos básicos do posmodernismo

3.1 Orixe histórica e causas do posmodernismo

Brevemente, podemos dicir que o posmodernismo como tal, emerxe a partir segunda metade do século XX. Existen varios factores que explican este fenómeno, sinalamos aquí algúns deles:

- A desnaturalización dos supostos partidos comunistas en Europa Occidental, que asumen posicións reformistas (eurocomunismo). O reformismo en xeral, non só na súa variante posmoderna dominante na actualidade, promove a subordinación política da clase obreira e a súa perda de centralidade na loita, ficando reducida ás loitas parciais e inmediatas.

- Cando existía un potente bloque democrático-popular e socialista a nivel mundial, as clases dominantes nalgúns países capitalistas, obrigadas pola correlación de forzas, tiveron que conceder reformas para facerlle fronte ao perigo revolucionario. O Estado do Benestar foi unha manobra da burguesía para manter o poder, nun momento no que podía estar máis cuestionado. Porén, cando este bloque democrático-popular e socialista foi destruído, o capital monopolista atópase nunha fase de agresión contra os pobos e os traballadores, sen case oposición.

- A maior capacidade de penetración da ideoloxía dominante, nomeadamente coa globalización imperialista e os medios de masas. O capital monopolista controla tódolos eidos da vida social, económica, política e cultural.

Nese contexto, a loita de clases é negada polos teóricos do sistema, que após da liquidación do bloque democrático-popular e socialista, sinalan o “fin da historia”, xa non existiría a loita de clases e o capitalismo sería incuestionábel. Porén, estas teses chegan a seren asumidas polos teóricos movementos progresistas, que abrazan o liberalismo e reducen a loita ao eixo simbólico e os movementos sociais fican illados da matriz de clase.

3.2 Irrracionalismo posmoderno e oposición aos valores da modernidade

No marco das revolucións burguesas en Europa, a burguesía fixo seus os lemas universais da liberdade, igualdade e fraternidade. Porén, xa sabemos que as revolucións burguesas rematan cando a burguesía accede o poder, entón convértese nunha clase reaccionaria, polo tanto, os comunistas non debemos alimentar falsas esperanzas nunha burguesía progresista. Sen embargo, debemos recoñecer que co avance da modernidade e o iluminismo, producíronse moitos avances científicos beneficiosos para a humanidade, a tarefa dos comunistas non é rexeitar ese valioso coñecemento, senón que a ciencia e a tecnoloxía deixe de ser unha ferramenta nas mans dunha minoría capitalista, para que sexa unha ferramenta nas mans da maioría, no marco dunha sociedade socialista.

A principal limitación para o desenvolvemento dos valores progresistas da modernidade, é o propio capitalismo. Isto vémosto con maior claridade na actualidade, cun capitalismo tardío e decadente. Neste contexto, alén da aniquilación dos dereitos colectivos das clases populares, os propios avances científicos chegan a ser cuestionados, un exemplo son os movementos anti-vacinas. Non existen verdades comprobadas pola ciencia, todo é relativo, só existen experiencias individuais, polo tanto os avances colectivos para o conxunto da humanidade deixan de ter valor. Aliás, tamén hai quen idealiza as sociedades atrasadas, como fan os teóricos descoloniais, defendendo teses esencialistas.

3.3 Relativismo e subxectivismo

O que dixemos no punto anterior, exprésase especificamente tamén no ámbito político, chegando até sectores teoricamente progresistas ou mesmo “anti-capitalistas”. Non existe un método científico (o marxismo) para a análise da totalidade da realidade social, isto deriva en:

- Reproduciendo a ideoloxía liberal-burguesa, chégase á conclusión de que “tódalas opcións son válidas” e que cómpre respectar “a libre elección”. Ese relativismo vale para normalizar e lexitimar a barbarie nas súas diferentes formas.

-O coñecemento da realidade fica reducido a sentir ou vivir en primeira a persoa, a opresión e a explotación. Isto está relacionado co anterior, xa que sen unha análise marxista da totalidade, podemos chegar tamén a lexitimar e normalizar a barbarie nas súas diferentes formas, alén da propia fragmentación da realidade, unha cuestión sobre a que falaremos agora.

3.4 Fragmentación nas loitas sociais. O movimentismo posmoderno

Coa aniquilación ou desprezo face a guía para acción revolucionaria que supón o marxismo, os movementos e loitas sociais atópanse fragmentados, sen un fío común de clase, para integrar a loita contra todas as opresións dentro da loita polo socialismo. Velaí que digamos que existe fragmentación identitaria, están desligados de calquera orientación de clase e socialista. Os sindicatos e movementos sociais non se sitúan á marxe da loita de clases, polo tanto poden estar integrados nunha estratexia revolucionaria, ou ben dentro da estratexia burguesa ou pequeno-burguesa.

No mellor dos casos, no posmodernismo “anti-capitalista”, a clase obreira e a súa loita é unha identidade e unha loita máis, dentro das múltiples identidades e loitas, sen suxeito nin organización revolucionaria, ficando no espontaneísmo e o movemento coma un fin en si mesmo (“o movemento é todo, o fin é nada” de Bernstein).

En realidade, esta problemática é bastante vella, o que amosa que o posmodernismo non é tan novo ou innovador, como algúns queren facernos crer. O espontaneísmo, o movimentismo, a redución da loita política ás loitas inmediatas ou a falta de centralidade da clase obreira como suxeito político, non nace co posmodernismo, xa foi criticado polos clásicos marxistas. Logo cando falemos da falsa disxuntiva entre o economicismo e o posmodernismo, profundaremos nesta cuestión.

Por outra banda, cómpre subliñar a diferenza existente entre o papel desenvolvida pola militancia revolucionaria, cuns obxectivos claros e unha dirección política de clase, fronte ao activismo disperso e de loitas parciais. Isto

é unha das eivas que temos detectado na nosa ferramenta política, tanto a nivel xuvenil como a nivel adulto e que explica a incapacidade para exercermos de vangarda nos espazos nos que traballamos.

Todo isto non significa desprezar o papel desenvolvido polos sindicatos de clase e os movementos sociais, que poden servir para dar resposta ás necesidades inmediatas dos oprimidos e explotados. Porén, por si mesmos, os sindicatos e movementos sociais nunca van poder ir máis alá das reformas puntuais e as loitas inmediatas, velaí a necesidade da vangarda comunista, como ferramenta para integrar as loitas populares nunha única loita polo poder político para os traballadores.

3.5 Pos-materialismo

Hai que entender esa reprodución das teses posmodernas, como xa dixemos antes, no contexto actual totalmente desfavorábel para os intereses das clases populares, co avance da ideoloxía dominante ao servizo do grande capital e o imperialismo, após unha longa fase de dexeneración política e ideolóxica no campo popular, promovida polas correntes reformistas, ao que cómpre sumarlle a liquidación do bloque democrático-popular e socialista a nivel mundial. Todo isto, é o que leva que haxa teóricos do sistema e oportunistas que defenden que a loita de clases xa non existe, que chegamos ao “fin da historia” ou que o capitalismo é incuestionábel. Polo tanto, xa nin sequera imos á raíz dos problemas estruturais, non imos á infraestrutura, á realidade material, xa que se nega a loita de clases e a explotación, que son conceptos que ficaron desfasados, o novo é a defensa das múltiples identidades sen un fío común de clase que integre a loita contra todas as opresións, baixo un proxecto socialista.

Polo tanto, a lexítima defensa dos dereitos das minorías e colectivos oprimidos, fica reducida á defensa das reformas democráticas, sen cuestionar a ditadura do capital e mesmo ficando fóra da loita nos centros de traballo. Porén, aínda que o socialismo por si mesmo non garante a superación de todas as opresións, só rematando coa división social do traballo, será posíbel acadar ese obxectivo.

Iso si, isto non debe levarnos a unha posición economicista, que limita o papel da clase obreira ao eido económico, bloqueando a súa implicación nas loitas políticas e a súa constitución como suxeito político. Esa é a liña do reformismo clásico, que debemos rexeitar. Os comunistas revolucionarios historicamente estiveron na vangarda da loita contra todas as opresións, integrando estas dentro da loita pola revolución e o socialismo e esa é a tarefa que temos por diante. Como xa veremos despois, o economicismo obreirista e o posmodernismo son as dúas caras dunha mesma moeda.

3.6 Redución da loita ao eixo simbólico, lingüístico e cultural

Dado que xa non se vai a raíz dos problemas, fícase no eido simbólico, lingüístico e cultural. Acredítase que a linguaxe, se é máis limpa e inclusiva, por si mesma pode ser transformadora, cando non é así, apostando por unha política de xestos e simbólica, sen cuestionar as bases da orde dominante, para enganar aos oprimidos e explotados. Naturalmente, iso é o que lle interesa á burguesía para lexitimar o seu sistema de dominación. Polo tanto, a única diferenza de moitas teóricas “esquerdas”, en relación coa dereita máis reaccionaria, é o simbólico, o lingüístico e o cultural, xa que na política socio-económica, non só non defende a superación do capitalismo, senón que é mesmo inútil para mudar a correlación de forzas e derrubar a axenda ultra-liberal. En moitas ocasións, nin sequera podemos consideralos como reformistas ou socialdemócratas, xa que fronte á brutal agresión do capitalismo monopolista contra os dereitos colectivos, non hai espazo nin para unha xestión reformista ou socialdemócrata dentro do sistema

Isto non quere dicir que debemos renunciar á batalla cultural contra-hexemónica, todo o contrario, mais sendo conscientes que a cultura é un produto dunhas determinadas relación de poder entre as persoas

3.7 Políticas socio-económicas. Asistencialismo tipo ONG

Tendo en conta que dita “esquerda” posmoderna, xa non confronta cos intereses das clases dominantes e nin sequera procura avances a través da loita

organizada nos centros de traballo (desbótase a loita económica) para mudar a correlación de forzas, xa que se rexeita a loita de clases, a súa política socio-económica fica no mellor dos casos no asistencialismo, apelando á moralidade dos opresores e explotadores, como facían os teóricos do socialismo utópico.

3.8 Accións individuais vs organización colectiva

Outra síntoma deste posmodernismo, é a crenza que a través de accións individuais, é posíbel transformar a realidade, actuando como bos cidadáns, modificando o noso comportamento como individuos, por exemplo, consumindo de xeito responsábel. Fálase, por exemplo, de que os “humanos estamos destruindo o planeta”, atribuíndo os problemas a unha esencia humana ou un mal comportamento humano, asumindo unha perspectiva que rexeita calquera análise estrutural e do modo de produción capitalista. É unha visión voluntarista e individualista.

Agora as solucións xa non serían colectivas, senón individuais

3.9 Política internacional

Na teórica “esquerda” sempre houbo sectores cuxa política internacional non estaba marcada polos principios do internacionalismo proletario e o anti-imperialismo. Temos o exemplo da II Internacional, que promovía unha liña social-chauvinista e social-imperialista, mesmo chegando a posicionarse estes partidos, a carón das burguesías imperialistas dos seus países na I Guerra Mundial, un grande conflito bélico inter-imperialista. Fronte a esas posicións reaccionarias, emerxe a III Internacional comunista, promotora dunha política baseada no internacionalismo proletario, coa máxima “Nin guerra entre pobos, nin paz entre clases” e apoiando as loitas de liberación das nacións oprimidas e colonizadas, entre outros. Logo, mesmo cando existía un potente bloque democrático-popular e socialista a nivel mundial, houbo sectores de “esquerda” (eurocomunistas, trotskistas etc.) que axudaron a criminalizar ese bloque e as loitas pola liberación nacional e o socialismo, colaborando co imperialismo internacional.

Porén, ese oportunismo na política internacional agudízase no actual contexto, nomeadamente entre a “esquerda” progre (Podemos, Bloco de Esquerda, Syriza, etc.) entre outras cousas, pola influencia nociva da propaganda dos mass-media ao servizo do imperialismo, a liquidación do bloque socialista e democrático-popular e a liquidación de moitos teóricos “partidos comunistas”. Todo isto, xunto cunha política de “esquerda” que non cuestiona as bases do capitalismo e o imperialismo, nin sequera a súa fase agresiva actual contra os pobos e as clases populares, senón que fica reducida ao eixo simbólico e cultural, procurando un capitalismo-imperialismo máis plural e diverso. Aliás, o capital monopolista instrumentaliza loitas e movementos sociais, para os seus obxectivos reaccionarios, no que chamamos o “pinkwashing” ou “purplewashing”.

Alén de mercar o relato imperialista que xustifica guerras e criminaliza procesos progresistas e revolucionarios, o extremo oportunismo da “esquerda” progre no eido internacional, vai vir manifestada en moitos casos, con formas que gardan relación co seu posmodernismo, deixamos aquí dous exemplos desta liña:

- Diante da barbarie imperialista e colonial contra os pobos, limitáanse a botar bágoas de crocodilo polas consecuencias, isto é, a situación dos refuxiados fuxidos das guerras, sen cuestionar a raíz do problema, isto é, o capitalismo-imperialismo e as súas estruturas de dominación (UE, OTAN etc). Atopámonos nunha falsa disxuntiva entre a xenofobia e o humanitarismo. Temos aquí un exemplo do postureo dos progres, que sempre fican no simbólico.

- Dita “esquerda” posmoderna rexeita calquera política anti-imperialista, que é substituída por unha liña anti-Occidente e contra os valores culturais da modernidade. Isto pasa cando se agocha a realidade material e a loita de clases, non van á raíz dos problemas, que non se atopa no cultural, senón no modo de produción capitalista e o imperialismo como fase superior do capitalismo. A súa oposición aos valores culturais da modernidade, chega até o punto (como xa dixemos antes) de rexeitar os avances científicos, ao consideralos como “eurocéntricos”, defendendo posicións irracionalistas e

esencialistas. O propio marxismo, que foi e segue a ser unha ferramenta fundamental para a liberación das nación dependentes e colonizadas, é desbotado polo seu suposto “eurocentrismo” (que non é tal). Na cuestión das relixións, mesmo chegan a rexeitar o laicismo clásico da esquerda real e defenden unha política inter-relixiosa.

3.10 Conclusión

En definitiva, e como xa sinalamos antes, as teses posmodernas son fillas deste momento histórico, cunha correlación de forzas cada vez máis desfavorábel para os oprimidos e explotados, na que o capital monopolista domina todos os ámbitos da vida social, económica, política, ideolóxica e cultural, sen case oposición, instrumentalizando os propios movementos sociais. O posmodernismo é a expresión da alienación e intoxicación promovida polas clases dominantes, que chega a afectar até á teórica “esquerda”.

4 Posmodernismo vs economicismo, a falsa disxuntiva entre correntes reformistas, no seo da “esquerda”

Aínda que o posmodernismo é a posición dominante no seo do reformismo actual, non debemos limitarnos á criticar o posmodernismo, debemos ir máis alá e sinalar ao reformismo en xeral, nas súas diferentes versións. Isto é importante, xa que o debate sobre o posmodernismo chega a desnaturalizarse e convértese nunha lea entre economicistas e posmodernos, que veñen sendo as dúas facianas dunha mesma moeda.

Na “esquerda” actual, existe unha falsa disxuntiva entre correntes reformistas, entre o posmodernismo e o economicismo. Por unha banda, a fragmentación identitaria posmoderna, explicada anteriormente, que desbota totalmente a loita no ámbito da produción e o mundo do traballo e a clase obreira fica no mellor dos casos coma unha identidade máis dentro das múltiples identidades. Por outra banda, temos o economicismo, outra variante do reformismo, baseada en limitar o potencial revolucionario da clase obreira, reducindo o seu papel á loita económica, impedindo a súa constitución en suxeito político. Evidentemente, non imos negar a importancia da loita económica, mais ela por si mesma non xera consciencia política de clase.

O economicismo non só non é eficaz para combater o posmodernismo, senón que deriva no posmodernismo, xa que non cuestiona a hexemonía burguesa nin aposta pola conquista do poder político para a clase obreira, ficando reducida en moitas ocasións a loita obreira á loita por reformas contra o seu capitalista particular no ámbito da empresa. Aliás, a posición “obreirista” de que os explotados se limiten á loita laboral e económica xa reproduce a tese posmoderna de que estes simplemente “traballen a súa leira”, impedindo que a clase obreira dirixa a loita contra todas as opresións e facilita que os movementos sociais sexan manipulados polo capital. En realidade, os economicistas que din ser anti-posmodernos reproducen en certa medida ese posmodernismo e moitas das críticas contra os os modernos (ler o “que facer?” de Lenin) son válidas tamén para os economicistas. Polo tanto, non serven para

superar a dispersión e fragmentación da clase obreira. Desde logo, nada ten que ver o economicismo co que defenden os comunistas revolucionarios, aínda que moitos destes economicistas digan ser “comunistas”; a súa visión é incompatible coa defensa da loita de clases como motor da historia.

A culpa da situación actual da clase obreira e as clases populares a nivel internacional non é só da “nova política” posmoderna, mais tamén dunha longa traxectoria de submisión aos intereses das clases dominantes, reproducida polo reformismo clásico. A ameaza das teses posmodernas e o seu carácter reaccionario, é real, porén pode chegar a converterse nunha cortina de fume usada polo economicismo obreira, para agochar a súa política reformista e de conciliación co poder burgués

A batalla entre o posmodernismo e o economicismo, é entre a renuncia e a fosilización en dogma. A oposición da “esquerda” posmoderna, face os clásicos sindicatos e partidos reformistas, non é para combater o seu reformismo, senón pola súa defensa da unidade (polo menos a nivel retórico, non tanto na práctica) fronte á fragmentación posmoderna. Poderíamos dicir que as diferenzas entre economicismo e posmodernismo están nas prioridades (uns priorizan máis a loita laboral, os outros priorizan máis os movementos sociais coma o feminismo ou o ecoloxismo) e na retórica (os economicistas presentan unha retórica máis esquerdista e obreirista). Entón, a “nova política” é como a vella política reformista, mais é filla do actual momento histórico. Pola agudización da alienación promovida polas clases dominantes e un economicismo sen alternativa real, a “nova política” posmoderna substitúe progresivamente ás organizacións reformistas clásicas. Un exemplo: no Estado español, o PCE e IU son substituídos ou diluídos por Podemos, mais tanto uns coma outros son simplemente diferentes versións do reformismo españolista.

Tanto o posmodernismo coma o economicismo rexeitan que a loita de clases sexa o motor da historia. Fronte a estas dúas correntes reformistas cómpre defender que a clase obreira pase de ser “unha clase por si” a “ser unha clase para si”, superando a súa subordinación política, exercendo o papel histórico que lle corresponde, ser o suxeito político dirixente do proceso revolucionario,

Diversidade, posmodernismo e falsas disjunções

para conquistar o poder, derrubar o Estado burguês e construir um Estado socialista

5 Clase obreira: potencial suxeito dirixente da loita pola liberación nacional da Galiza.

Nacionalismo revolucionario vs economicismo/posmodernismo

Esta batalla entre correntes reformistas, entre o economicismo e o posmodernismo, reproducécese tamén na Galiza e no propio soberanismo galego, coas características particulares dunha nación asoballada como a nosa, na que a loita de clases toma forma de loita pola liberación nacional e a loita pola liberación nacional tamén toma forma de loita de clases.

Aínda que existen moitas correntes diferentes dentro do proxecto nacional galego, analizamos aquí as dúas versións dominantes:

- Un nacionalismo auto-organizado, dirixido pola pequena burguesía, no que a clase obreira ocupa un papel subordinado na loita política, reducindo o seu papel á loita económica e sindical. Isto deriva na dilución dos antagonismos e na incapacidade para criar unha folla de ruta de confrontación contra o Estado español e o capital, polo que en moitos casos a política desenvolvida limítase ao posibilismo dentro do marco autonómico.

- Un pós-nacionalismo liquidacionista, que rexeita o principio da auto-organización, que fica substituído polo sucursalismo españolista e as alianzas eleitoralistas co españolismo progre, defendendo a liquidación do movemento nacional-popular galego. Esa subordinación ás forzas españolistas, é directamente incompatíbel cunha política nacionalista ou independentista. Estas posicións oportunistas son o resultado do avance do proceso de desnacionalización e españolización do noso país, producido pola ideoloxía dominante.

Aínda que ningunha destas dúas versións reformistas e pequeno-burguesas son unha alternativa real para avanzar, non somos neutrais entre elas. A versión máis perigosa é a representada polo pós-nacionalismo liquidacionista (principal representante do posmodernismo no noso país) e recoñecemos que o nacionalismo auto-organizado é o máis avanzado e sólido na actualidade en

chave patriótica e progresista, mais tamén debemos lembrar que a súa liña reformista e autonomista nas últimas décadas, impide elevar os niveis de consciencia nacional e de clase das masas, por outra banda tampouco é totalmente inmune ás correntes posmodernas.

Fronte á renuncia e a fosilización en dogma, que nos conduce á derrota como nación e clase, hai alternativa: voltar asumir plenamente que a loita de clases é o motor da historia. Non se pode reducir ás loitas inmediatas nin pode ocupar un papel secundario dentro das múltiples identidades e movementos sociais. A loita de clases na súa máxima expresión é a loita polo poder político dos oprimidos e explotados, contra os opresores e explotadores. Esa loita na Galiza toma forma de liberación nacional e resólvese coa formación dunha República galega independente ao servizo das clases populares.

A loita pola liberación nacional de clase é o vector integrador e orientador das loitas populares face a conquista do poder político, ligando o inmediato e o estratéxico. Só a clase obreira, no seu papel de suxeito político dirixente da loita independentista, pode rematar coa actual dinámica negativa e acadar os horizontes estratéxicos. Para iso precisamos construír unha auténtica vangarda revolucionaria que traballe no seo do movemento nacional-popular galego. Polo momento non fomos capaces de facelo e iso explica a actual situación do soberanismo.

A loita pola liberación nacional galega non é contraditoria co universalismo obreiro. O particular intégrase no global; o nacionalismo revolucionario fúndese perfectamente co internacionalismo proletario. O avance da causa galega é o noso mellor contributo para a liberación da humanidade, para a consecución do socialismo e o comunismo a nivel mundial.



isca!

le, copia, distribúe, difunde!